



ACTA EXTRAORDINARIA

ASISTENTES:

POLA DIRECCIÓN:

O XERENTE

D. Jose Luis Díaz Fernández

O DIRECTOR DE ENFERMARÍA

D. Tomás Lerma Merino

A DIRECTORA DE XESTIÓN E
SS.XX.

Dona Francisca Álvarez Giráldez

A DIRECTORA DE RR.HH. e RR.LL.

Dona Belén Baltar Trabazo

POLA COMISIÓN DE CENTRO:

Dona Lourdes Carbajo Núñez
(CEMSATSE)

Dona M^a Teresa Núñez Gallego
(CEMSATSE)

Don Marco Antonio Llorente Suárez
(U.G.T.)

D. Javier González Castro (CC.OO.)

D. Manuel del Riego Conde (CSI-
CSIF)

D. Xose Lois Martínez Fernández
(CSI-CSIF)

D. Carlos Fernández Gómez (S.G.P.S.)

Dona Ana Rodríguez Veloso (U.S.A.E.)

Dona Manuela Frago Ulla (U.S.A.E.)

Don Antonio Iglesias Duarte (C.I.G.)

Dona M^a Xosé Rodríguez Vilaseco
(C.I.G.)

Reunidas as persoas que se citan á marxe comeza a reunión ás nove horas do catorce de outubro de dous mil oito na Sala de Xuntas do Hospital Nicolás Peña co primeiro punto da orde do día, **CRITERIOS DE INCORPORACIÓN E ADXUDICACIÓN DOS POSTOS DE TRABAJO OPE, NAS DISTINTAS CATEGORÍAS**. A Comisión de Centro manifesta a súa proposta:

- A incorporación dos traballadores que se atopan traballando xa no Complexo se quedan onde están, agás declaración expresa do interesado.

- Pasado o prazo de posesorio, farase o acto público de elección de destino pola orde de puntuación.

A Dirección resposta que no caso do persoal non sanitario cúmprese cunha pequena marxe nas datas entre o remate do prazo posesorio e o acto de elección, mais co persoal sanitario non facultativo o acto de elección de destino prevese pasado o periodo navideño.

Co fin de aunar posturas e tendo en conta que a decisión da data do acto de elección a primeiros de xaneiro para o persoal sanitario non facultativo non é unha



medida arbitraria nin caprichosa, senon fundada en que polo inicio das datas de incorporación o periodo posesorio vaise o tempo en que xa o persoal disfruta das súas libranzas antes de rematar o ano, sendo inasumible por cuestións asistenciais, a Dirección plantexa, como medida intermedia, que se faga un acto de adscripción, por orde de puntuación, dos traballadores que se incorporan no día.

Acórdase unha pausa na reunión co fin de que a C. Centro valore a proposta feita pola Dirección respecto o persoal sanitario non facultativo. Transcorrido o tempo, a Comisión de Centro plantexa novamente a súa proposta:

O persoal queda onde está salvo manifestación expresa en contra para logo facer a adscripción provisional con acto público de elección de destinos disponibles, tralo remate do prazo posesorio. O acto de elección para todos os traballadores do concurso de traslados e OPE e todas as prazas dispoñibles, facendo constar posto, quenda e centro, debendo elixir pola orde de puntuación e primeiro os traballadores de concurso de traslados.

A Dirección lembra o xa manifestado e ante a imposibilidade de realizar, para o persoal sanitario, o acto de elección no prazo proposto pola C. Centro, fará a adscripción provisional dese persoal no día en que toma posesión pola súa orde de puntuación.

Trátase o seguinte tema, **PECHE DUN SERVIZO NO HOSPITAL DO REBULLÓN O DÍA 6 DE OUTUBRO DE 2008. INFORMACIÓN E REDISTRIBUCIÓN DE EFECTIVOS.**

O Xerente explica que se trata dunha decisión de Saúde Mental que a Dirección Médica e o Coordinador comparten e lémbrese que xa non se atopaba plenamente ocupado. A afectación é ningunha a nivel do persoal, xa que se mantén o mesmo cadro de persoal respectándose a quenda, mais reubicando nas restantes Unidades do Hospital do Rebullón. As Unidades incrementáronse neses efectivos, que eran todos da categoría de auxiliares de enfermaría. Non houbo ningún problema có persoal agás un traballador que se vai no Concurso de traslados á Atención Primaria.

Recoñécese que aínda sendo un movemento interno, debería haberse informado para poder trasladalo, pero á marxe desto non conlevou ningún detrimento.

Pásase ao último tema da orde do día, **REUBICACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO QUE SE ESTÁN REALIZANDO ACTUALMENTE NA XEFATURA QUE OSTENTA MARTA CARBAJO VICENTE**

A Dirección aclara que fíxose o relevo funcional no Servizo de Dermatoloxía (provisional ata o acto de elección de destino), co fin de garantir a continuidade no traballo con persoal que coñécese a súa dinámica, dado que con data do primeiro día de incorporación o auxiliar administrativo adscrito a ese Servizo vaise a tomar posesión da súa praza noutra categoría.

A C. Centro manifesta que se trata do persoal do Servizo de Radioloxía. Explícase que debido a redución da actividade faise necesario readscribir algún persoal administrativo polo que se lle trasladará o documento correspondente e se ten claro que se debe seguir o procedemento establecido para estes supostos. Garántese o cumprimento do procedemento

Dáse por rematada a reunión ás doce horas e trinta minutos do día da data.

Pola Dirección:

D. Jose Luis Díaz Fernández
O Xerente

Pola Comisión de Centro:

D. Antonio Iglesias Duarte
O Presidente da Comisión de Centro

S A U D E

Vigo